



## INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA OS CENTROS ESCOLARES SOBRE O REPARTO DE FROITAS FRESCAS E/OU LEITE LÍQUIDO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2017/2018

En relación á axuda regulada na *Resolución do 13 de xuño de 2017 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2017/18, e de convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2018/19*, ese centro escolar destinatario dos produtos debe cumprir as seguintes normas:

1. Os produtos (froita fresca e/ou leite líquido) non poderán distribuírse no marco das comidas escolares, deberá ser repartido ao alumnado **no horario de recreo**.
2. Deben respectar o calendario fixado polo seu provedor. Calquera modificación da subministración a nivel de centro escolar (data de inicio e/ou período de repartición) debe ser autorizada **previamente** polo seu provedor.
3. O responsable do centro escolar debe asinar e poñer o selo do centro ao albarán de entrega dos produtos que lle presente o provedor. Con esa sinatura dará a súa conformidade cos produtos e cantidades que recibiu do provedor.
4. O responsable do centro escolar debe cumprimentar, asinar e selar un certificado do número de alumnos/as matriculados ao comezo do curso escolar e o número de alumnos/as participantes na liña de axuda, coas cantidades efectivamente subministradas por nivel de ensino e produto subministrado. Ese certificado deberá entregarllo ao seu provedor cando llo solicite.
5. Os centros escolares deberán **colocar o cartel** que lle faga chegar o provedor na entrada principal do centro e nun lugar onde se poida ver e ler claramente.

**Apelamos á súa responsabilidade para cumprir estas normas** pois calquera irregularidade cometida poderá dar lugar a que se lle denegue ou minore a axuda que recibirá o seu provedor e a que o seu centro escolar non poda participar en futuras convocatorias deste programa.